# BANDO

Don **JOSÉ LUIS FERRO IGLESIAS**, en calidade de Alcalde do Concello de Celanova

***Fago saber:***

Que no DOG do 11 de agosto de 2015 sairon publicadas as bases reguladoras do Programa de incentivos á contratación das persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social, e se convocan para o ano 2015.

**Obxecto**

Incentivar a contratación das persoas desempregadas en situación ou risco social para mellorar a súa empregabilidade e ocupabilidade.

**Beneficiarios**

As persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Requisitos:**

1. Os incentivos previstos neste programa serán de aplicación a todas as modalidades contractuais de carácter temporal, a tempo completo ou a tempo parcial, agás o contrato temporal para a formación e aprendizaxe, que se realicen con persoas desempregadas pertencentes algún dos colectivos relacionados no artigo 3.1 desta orde.

2. O contrato temporal deberá ter unha duración mínima de 6 meses.

3. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

**Prazo:** 30/09/2015

Para máis información poden dirixirse ás dependencias do Concello

Celanova, 13 de agosto de 2015
O Alcalde

CONCELLO DE CELANOVA

**Concello de Celanova**